




TACÃO

AGADIC

Agência Goiana das
Indústrias Culturais





*Unha cidade de faces ocultos
enriba doutros baleiros.*

*Grotestas máscaras sociais,
prexuizos de caras en coro
ríndose a gargalladas
e entre todas esas bocas
que tanto xuzgan,
uns ollos,
un corpo que se está a descubrir,
un rapaz, Mawala.*

O ESPECTÁCULO

Dende **TACÃO** queremos reflexionar sobre a liberdade, a liberdade na **diversidade de xénero**. Asunto que desexamos facer dende a arte e en concreto para xente nova e adolescente.

Esta gran materia que é a diversidade de xénero lévanos por outras cuestións que están arraigadas profundamente no contexto actual como son o **bullying**, a **heteronorma** e a intolerancia e descoñecemento do xénero diverso.

A peza pasa por elas co obxectivo de **visibilizar** todos estes conflitos e facerse preguntas sobre a identidade individual e social.





“Mawala, os homes son fortes... Virís!”

O ESTILO

TÁCAO nos seus primeiros pasos foi unha investigación sobre a manipulación da **media máscara** no drama e a súa relación co **coro trágico**. Unha proposta centrada na unión de estilos pouco convencionais en pos de plantexar novos modos de expresión escénica.

A día de hoxe, a **música en directo**, a media máscara, o **teatro físico** e o **mimo** converxen para presentarnos a historia de Mawala.

Mawala pode ser calquera e, para isto, o obxecto transformador da máscara permítenos facer unha lupa nun personaxe que representa unha situación social en si mesma.





“O segredo espido do meu corpo é un grito que morre no silencio.”



ANTECEDENTES

TACÃO naceu por un lado como unha investigación teatral, e por outro, por unha necesidade de falar da diversidade de xénero.

Como punto de partida traballamos dende o texto “*Sapatos de tacão alto*”, fragmento do libro *Estórias Abensonhadas* do autor mozambiqueño **Mia Couto**.

A idea do proxecto xurde dentro do contexto “Cambio de foto”, unha proposta de laboratorio impulsada polo **Centro Dramático Galego** e a sala de teatro **Ártika**, co que se buscou instaurar un espazo de encontro entre tres compañías que abordasen o mesmo texto dende distintos lugares.



“Como vivir engaiolado cando a prisión é o pobo e os barrotes o corpo?”

A COMPAÑÍA

Nauta é unha xove compañía internacional. Un grupo de creadores que veñen do **teatro**, o **circo**, a **música** e os mundos da **máscara** e o **títere**.

Dende o desexo de profundizar e descubrir o arte escénico do día de hoxe, Moving Compass procura e explora un teatro donde os estilos se atopan para abrir novos espazos. Un arte escénico sen elites. Un punto de encontro onde somerxerse no extraordinario do arte. Onde todo sexa posible.





“Non deixes que che peguen!”

FICHA TÉCNICA

Unha creación orixinal de Nauta

Dirección:	Rafael Rey
Reparto:	Carlos Gallardo Mathias Rodriguez Tomé Mouriño Rafael Rey
Música:	Tomé Mouriño
Escenografía:	Cía. Nauta
Vestuario:	Lydia Guez
Iluminación:	Carlos Gallardo
Xénero:	Drama
Formato:	Media máscara e teatro físico
Duración:	1 hora
Dimensións (m):	5 m ancho 6 m fondo 3 m alto
Público:	+ 14 anos

+ info en rider técnico



CONTACTOS

info@nautateatro.com

630 41 68 98 (Rafael - producción)

630 53 12 92 (Carlos - técnico)

www.nautateatro.com

 [@nautateatro](https://www.facebook.com/nautateatro)

 [@nautateatro](https://www.instagram.com/nautateatro)

